

*A loita contra a avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) en Galicia. Situación actual e medidas cara ao futuro.*

Sala de actos do
Centro de Investigación Forestal de Lourizán
22 de Novembro de 2019 (10 -13.30h)
Pontevedra

Inscripción gratuíta na páxina

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/actividades-formativas/xornadas-e-talleres>

Enviar o formulario de inscrición a: infolourizan.mr@xunta.gal

Aforo limitado

Reserva por orde de inscrición

Organiza

CIF Lourizán-Agacal

Financia

Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2019. Cofinanciadas co 75% Feader

O principal obxectivo desta actividade é informar ao sector da castaña da situación actual na que se atopa a loita contra a praga da avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) en Galicia. A xornada centrarase en dous temas principais nos que se está traballando desde a Consellería do Medio Rural: a loita biolóxica con *Torymus sinensis*, que se está desenvolvendo desde o Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte, e a procura de resistencias e tolerancias nos materiais galegos de castiñeiro e a súa aplicación na mellora xenética, no que se está traballando desde o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (Agacal). Teremos ademais a oportunidade de coñecer de primeira man a experiencia italiana na loita biolóxica contra esta praga, referente europeo. Haberá tempo tamén para a formulación de cuestións e intercambio de ideas entre conferenciantes e asistentes, con representación do sector produtor da castaña en Galicia.

09.45 Presentación

Enrique Martínez Chamorro, Director do CIF-Lourizán (Agacal)

Josefa Fernández López, Xefa de Departamento de Silvicultura e Mellora. CIF-Lourizán (Agacal)

10.00 A avespa chinesa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) en Europa. Revisión dos principais estudos científicos desenvolvidos para coñecer e combater a praga

Beatriz Míguez Soto. CIF-Lourizán (Agacal)

10.30 Niveis de tolerancia á avespa do castiñeiro nas principais variedades galegas de froito e híbridos interespecíficos. Aplicación á mellora xenética

Beatriz Míguez Soto. CIF-Lourizán (Agacal)

11.00 A loita biolóxica contra a avespa do castiñeiro en Galicia. Situación actual e plan de seguimento das soltas de *Torymus sinensis*

Martel Muñoz-Cobos, J. Servizo de Saúde e Vitalidade do Monte. Planificación e Ordenación Forestal. Consellería do Medio Rural

11.30 Pausa

12.00 Overview and biological control of the Asiam Chestnut Gall Wasp in Italy -

Descrición xeral e control biolóxico da avespa asiática do castiñeiro en Italia

Alberto Alma. Universidade de Turín. Italia

12.30 Táboa redonda con representación do sector produtor da castaña e da IXP castaña de Galicia

Cooperativa Carqueixa, Cooperativa Amarelante, Asociación A Castaña, IXP castaña de Galicia

13.00 Visita ao viveiro do CIF-Lourizán

Dirixido a:

Mulleres e mozos agricultores
Produtores e empresas relacionadas co
sector da castaña

Viveiros produtores de plantas
Comunidades de montes
Público en xeral